

# A POSA FARSA



A NOSA TERRA

# BANCO PASTOR

Casa fundada  
en 1876

Capital suscrito,

17.000.000

Capital desembolsado,

8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA  
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELERÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE  
BOUZAS — VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e  
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca  
e cañamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses  
Aceites xenerais e vexetaes, e surtido compreto para  
maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 e 28

CRUÑA

## A superioridade dos CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais  
o procedere d'unha industria galega,

## HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redaución e Ademinstiración

Rúa Real, 36 - 1.<sup>o</sup>

A CRUÑA

ANO XII



1.<sup>o</sup> de Xunio do 1928



Núm. 249

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

## ESQUEMAS E LEMBRANZAS

\*\*\*

Cada mañán xurde con nova forza o espírito dos pobos e das línguas esquenidas. Os que figuraban fillastros da historia enchen o mundo c'os seus cantos. E as voces vellas son más mozas de tanto tempo como souperon vivir apegadas ó chán nadal.

Ollemos pra Provenza. Barrés mercara o castelo dos Mirabeau na terra de marmore inzada de piñeiro. Pouco demorou n'il. O Mistral queimaba a pêle branca do lorenés e por outra parte o autor do «Xardín de Berenice» era un fino catador de esencias nacionás. Hubo na propia Francia unha conspirata contra as letras provenzais. Mauras, bô fillo da romana Arlés—d'un romanismo preñado de municipalidade, de trovadores, de herexía—defendéu a língua da terra. A loita política afastouno de ser un gran esquirtor proenzal. Mais de curazón iste subdito de El Rei Renato está con Baroncelli, con Valére Bernard, con Arband, con Peyre os grandes artistas vivos da lingoa de Mireya.

Pois Mistral non esgotou a arte proenzal. Acarón de Baroncelli, ardente namorado da Camarga salvaxe e nemigo do francés (il cantou: «que felices sôdes, ouh Boers, de poder cara a cara—combatir ó que odiades»)

os requintados Bernard e Peyre dín na vella língoa toda a sensibilidade ultramoderna. Son cidadáns da Europa en proenzal. Valére Bernard nos «Bohemios» conta a tragedia de dous anarquistas que perdidos nas campías morren ó contacto c'os nómadas. No «Long de la mar latino» fai revivire baixo unha lus moderna a estrana figura de Tiberio.

Tamén o compreexo Sully André Peyre escribe en francés e en inglés cuáseque c'a mesma mestria que na lingoa-nai. Grave, fondo, sereamente apaixoadó figura seguir a vibración que dende Hofmannsthal chega a Rilke, arredor de unha salvadora filosofía do espírito. Dos Alpes ó Ebro—tudo o antigo dominio catalán—as falas un istante desprezadas, son donas do pôrvir.

\*\*\*

Poderíase chamar o comedor das Clases Pasivas. Todol-os clientes son vellos, gastan esgrevios cuellos pranchados, botas d'unha peza, cravatas feitas, puños redondos, bigotes da Restauración ambarados pol-o tabaco de O'45, e sen dúbida calzós con cintas. Rillan con fame os bisteks, mullan as galletas no viño sanguento de Méntsida, reclaman aixiña o queixo e as laranxas despreciando

os plátanos e pôndo diante do xiado unha cara reprobatoria. Logo camiñan pr'o Café apoiados en caxatos de boa cana de Ultramar quizáis, botando ás novas cousas da rúa olladas de xenerales do norte ou d'esperimentados empregados afeitos ó espavento das crisis. A tertulia bruante sulferida de enérxicas jotas, alóngase nos espellos mortos que son coma as augas do lago do tempo. Iste grandes anacos de século dazanoche que inda circulan por Madri somentes agardan por un xefe—podía ser que teña unha arrontida un Espartero, un Concha, un Cassola de bronce—pra dar o golpe de estado capaz d'acabar c'o Metro, cos cocteles, c'as mecanógrafas, c'a calefacción central, con tantas cousas opositas ó café con media tostada e a procrama lida á lús d'farol.

\*\*\*

Un bó exemplo contra os que negan a íntima chamada do sangue. Agora celeébrase o poeta Louís Le Cardounel, frade, e amigo de Huysmans, despois d'unha forte e afastada obra d'artista. Le Cardounel descendente

de irlandeses. Inda que nadou en Valence-sur-Rhone fala asína do seu espírito: «Si eu amo os ceibes contornos, as eternas liñas—dos marmores que s'erguen no azul das mañas—Prefiro os grandes voos saudosos dos cisnes—que s'afunden n'un ceo neboento d'autono. E invoca dende a Proenza a Tennyson—«Ouh, Tennyson, corno de marfim na noite pura—Ouh, Tennyson, badelada de prata na alba ceibe—»

Toda a sua obra garda un misticismo irlandés, atrántico.

\*\*\*

Valentín Paz Andrade falou na Casa de Galiza do páramo e da mar. Forte, preciso, sentido, evocador. De tal xeito que por un instante figuraba calar o balbordo da rúa de Alcalá e decorrer pol-a sala un rumor misturado de mar oucidental e de piñeiral da costa de Vigo.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Madri, 1928.

## POLÍTECA DO NOSO TEMPO

I V

### O ANTIPALMENTARISMO

Quedábamos en que non hai contradición interna no sistema liberal, e en que a crítica do liberalismo que pode ser tomada en conta, é a que se refire non ós principios e fundamentos derradeiros, senón ós seus efectos e secuencias. O nó d'ideias direitivas do sistema liberal é de tal xeito, que, vivente xana chamada Edade Meia e nas obras do teólogos escolásticos, ven ser hoxe com'indica Hernann Keyserling no seu libro *Die Neunstehende Welt*, un suposto necesario, indispensábele, co que xa se conta coma condición preciso da nosa vida social, que sen il non podería eisistir.

O que acontez é que, por efecto da guerra ven unha hipertrofia do poder executivo, tendente a invadir a esfera dos outros poderes do Estado, e ainda a subordinalos si poidera. Efeitivamente, durante a guerra, pol-a necesidade da defensa nacional e organización dos abastecementos e do traballo, houbo, nos países belixerantes, que faguer duas cousas que trouxeron o troque na políteca, houbo que sometel-a produción nacional ó control do Estado (práctica do Socialismo d'Estado) e que otorgar poderes dictatoriais e discrecionais ós gobernos. Co-esto, os Gobernos atoparon dobrente aumentado o seu poder: primeiramente, poideron pasar sen o control parlamentar, pol-o menos disminuído e desarmado pol-a *unión sagrada*, e poideron asumir poderes lexislativos

faguendo decretos-leis; segundamente, a sua competenza alargouse a cousas enantes sustraídas á inxerencia do Estado.

Non era de supôr que rematada a guerra, o poder executivo, que é o que de feito dispón da força, fora desbotar de boa gana o acréscimo qu'adquirira. Logo, cando se tratou de voltar á normalidade, viñeron trastornos e ameazas de caraute social (spartakismo na Alemaña, manifestaciós comunistas na Francia, ocupazón das frábicas na Italia). O medo dos burgueses recramou gobiernos fortes, o socialismo fixose gubernamental, e os movementos antiliberales (fascismo, Acción francesa, Integralismo lusitano, etc.) colleron forza, e no Sul da Europa venceron e conqueriron o poder, no que apricaron as esperencias adequiridas durante a guerra.

Mais todos istes son somentes feitos. O importante é qu'iste estado de cousas quixo atopar xustificazón doutrinal. Ainda escritores moderados e que aceitan en principio os fundamentos do sistema liberal (Duguit, Hauriou) amostran a sua querencia ó poder executivo. Algús queren xustifical-a hiper-trofia pol-a complicación do Estado moderno e a multipricidade de fins a que ten qu'atender, na presa con que compre resolvel-os probremas, todo o qual fai que haxa que ceibar ós Gobernos de todolos empechamentos que lle fan difícil a aición, e deixalos que en moitas cousas se desenvolvan discrecionalmente. Os reaiconarios declarados (Maurras, Sardinha, Mussolini) van mais alá: invocan a tradizón por unha banda, e por outra o futurismo, a aición pura, o esprito sportivo e d'aventura, que é unha das típicas revelaciós da brutalidade contemporánea. Venos favorecer no intento a revolta da mocedade contr'o século XIX, contr'o qual estaba levando—agora amainou moito—unha críteca indistinta a eito, sen discriminación, atacando todo a unha, sen arredar o valioso do falso, o bó do ruín, sen lembrárense que d'aquil século herdaron o maquinismo e o sport qu'iles exaltan, n'unha confusión d'ideias case sen eixemplo na historia do mundo. É que cando se quer ser sportista, compre renunciar ás ideias, e non hai dúbida qu'a admiración qu'esperta Musso-

lini—o qual emporiso é un home de moito talento—aseméllose mais do debido á qu'esperta Paulino Uzeudum.

Istes partidos sportivo-tradizionalistas son os que mais forte críteca teñen feito contr'o palmentarismo, e en parte atinadamente. Mais é qu'o mesmo tempo atacan as esencias do sistema liberal. Sardinha—que tamén tiña moito talento—profeta do Integralismo lusitano, ataca con eloquencia o liberalismo, mais querse amparar de Santo Tomás d'Aquino, e esta si que non cola, porque a doutrina esencial de Santo Tomás é liberal. De maneira qu'a renacencia tomista, moito mais importante no mundo do que por eiqui pensa a xente, non favorez de ningún xeito os doutrinarismos reaiconarios.

O palmentarismo ten unha críteca doada. En pirmeiro termo, o Palmento na sua forma moderna, nasceu na Ingraterra, e naturalmente é cousa inventada e calculada pr'a Ingraterra e pr'o caraute inglés. Fora, non podía de ningún xeito dar os resultados qu'ali deu e dos que a Ingraterra se non pode queixar. E as istituciós se non transplantan tan doadamente coma se pensaba no século XIX—no que tamén eu atopo cousas que criticar.

Fora da Ingraterra, o Palmento dexenerou, e dexenorou de dous xeitos: por unha banda, volveuse nalgúns lados coma na Hespaña, unha escola d'oratoria barata, d'unha ineficacia práutica—xa non no terreo dos intereses materiás, mais ainda no da defensa dos dereitos do pobo—non tan grande como algúns din, mais d'abondo pra que todos a notaran. Por outra banda, entregou a vida do país—esto en todos lados—óos partidos polítecos. Na Ingraterra mesma, o Palmento fundouse principalmente no xogo dos partidos; mais aquiles partidos son plasmazón do concencia do pobo, e son fideles a ela: é o pobo quen fai os partidos. Fora da Ingraterra, nos países parlamentares, os partidos foron obra dos doutrinarios, esencialmente artificial, anque algunas vellas, coma na Francia, chegaron a criar concencia.

Os partidos non representan as arelas nin os intereses nacionás, senón opiniós, doutrinas polítecas, cos partidos non vai a vida

nacional ós palmentos. Mais os palmentos viven da loita dos partidos, e asina chegouse a telos en conta nos tratados de Dereito políteco, onde ó trataren de *Dereito electoral*, adoitan por un parágrafo rotulado: *Organización dos partidos pr'a loita*. Dáselle os partidos estado oficial. E coma somente estando ó frente d'un partido se pode gobernar, e coma somentes adentro d'un partido se fai carreira políteca—o palmentarismo, ademais, criou a políteca profesional—pois os partidos divídense, sen discrepancias ideolóxicas, senón pra seguiren a determinados xefes, ou fanse partidos novos sen ideoloxía, namais que pra chegar ó poder e repartirense os cargos de goberno e as prebendas do Estada. Despois, nas discussións palmentares, os probremas enxérganse non asegún a comenencia do país, ou asegún a ideoloxía que se defende, senón asegún a comenencia do partido ou a persoal do xefe, coma conveña pra conseguir tal ou qual efecto d'intres persoal, ou sinxelamente de teima, ou pra botar abaxo tal goberno ou tal ministro, esquecendo o intrés público.

Todo esto é tan certo que algún defensor

dos palmentos escribeu hai uns anos que había que sostelos namentras non atopáramos cousa millor.

E é certo: pol-o d'agora se non inventou cousa millor, e os males que ll'apoiemos ós palmentos poderíamos demostrar que non son tantos nin tan graves, nin con moito, qu'os que poden vir do poder discrecional dos gobernos. Porque ademais, os críticos do palmentarismo—que nós tamén criticamos, coma se vé—semellan esquecer o rol que xogan de control sobr'os autos do Goberno, ó qu'ademas impoñen unha forzosa pubricidade, e control e pubricidade son tan importantes, tanto dend'o punto de vista dos dereitos individuais coma dend'o do intrés nacional, qu'anque non fora mais que por iso, habería que conservalos palmentos.

Mais ainda hai mais: os palmentos son reformábeles, pódense orgaizar d'outro xeito, non no senso de reducilos á representación corporativa, pois se non pode prescindir, nin hai por qué, do outro elemento. D'esto falaremos pr'o mes que ven.

VICENTE RISCO

## C O U S A S

Con motivo da final do campeonato de futbol repiteuse novamente un caso que xa ten precedentes bochornosos e que meresce os mais duros comentarios. Refírome ao trato que en Santander se lle deu aos xogadores cataláns pol-o feito único, estou seguro porque os casos repetidos o demostran preanteriormente, de seren cataláns.

Deixemos a unha beira o que do caso tira-se respeito ao futbol anque non está de mais que digamos que o Barcelona hoxe por hoxe e a través de xá moitos anos resulta senón o millor un dos millores dos dous ou tres grandes equipos da península e que según leemos constantemente, en Barcelona adoitase a dar un trato educadísimo e agasallador a todolos equipos forasteiros que desfilan pol-a capital de Cataluña.

O que mais nos intresa do caso é que haxa en Hespaña respecto aos cataláns o conceito que agora manifestouse en Santander como antes en Madrid xogando contra o Betis e en Vigo fai algúns anos, cousa que xa eu comentara aquí mesmo, e en outras partes o que xa fixo decir ao gran xogador Samitier que en Hespaña o Barcelona non atopaba un campo neutral. Resulta o feito francamente bochornoso anque tamén poideríamos decir, anque non o poidamos explicar, que tamén bastante honroso para os cataláns. As razóns adiviñas o leitor.

Este trato que se lle dá aos xogadores cataláns refrexa un estado de opinión xeneral pois é moi corrente atopar quenes constantemente teñen frases despeitivas para os cataláns e que aprauden con calor o sucedido diversas vegadas nos campos de futbol. Por eso hai motivo d'abondo para falar en xeneral da cuestión.

E falando en xeneral, para mi resulta o

caso honroso para os cataláns e deshonroso para o resto.

Ese trato ven sin dúbida ningunha de seren os cataláns na sua inmensa maoría, homes que sinten fondamente a sua terra e manifestan de cote e en todal-as ocasións.

Por eso se lles chata de arredistas anque non o sexan. E non cabe dúbida que fan mais pol-o arredismo catalán os peninsulares que os tratan tan crudamente que os mesmos cataláns falando o seu idioma e levando no pensamento e no curazón sempre presente a sua terra.

Pero aparte d'eso e mirando a cousa pol o aspeito da educación e cultura meresce os mais duros reproches pois non hai dereito a tratar a ninguen na forma cruel e colectiva que se trata aos cataláns. Fai anos tratábase aos galegos de xeito despreciativo como seres inferiores ao resto dos hespáñoles. No trato que hoxe se lle dá aos cataláns non hai ese desprecio, afortunadamente para eles, se non un sentimento de envexa que ouservando a cousa con detemento revela nos cataláns unha superioridade intelectual, cultural e patriótica colectiva que os honra.

Eu quixera que andando o tempo se lles dera aos galegos o mesmo trato. De todos xeitos as moitas vegadas que o caso se repite vai resultando para os que non somos cataláns algo vergoñoso contra o que temos que protestar, airadamente. Algo que por educación debera non repetirse anque desde logo como xa dixen os mais favorecidos do feito resultan os mesmos cataláns, sin que seípan decatarse o resto dos hespáñoles que en Madrid, Vigo, Santander e outros pobos hespáñoles os trattaron de xeito tan despiadado que tiveron que ser protexidos pol-as autoridades. Non é así como se fomenta o patriotismo.

O trunfo das esquerdas nas derradeiras eleccións alemanas ten producido inmensa ledicia nas esquerdas universás por diversas razóns que xa se dixerón. E tanto como o trunfo das esquerdas debe producila a derrota do nacionalismo alemán.

Ainda hai quen confunde os duas-crás de

nacionalismos hoxe en loita. Eu que son nacionalista galego celebro a derrota do nacionalismo alemán, doux nacionalismos antagónicos, e consideroo un bon paso, igualmente como nacionalista, para a paz e confraternidade universás.

Leín nos xornás que o Estado soviético ruso enviou armas aos nacionalistas irlandeses. Unha nova e contundente demostración de que o nacionalismo minorista non é incompatible co universalismo que sintetizan e preconizan os comunistas rusos. Entérense ben os universalistas que non acaban de difrenciar os doux nacionalismos.

**N O V A** — VICTOR CASAS

## Aos suscritores da provincia de Pontevedra.

Segundo o costume establecido ao cobrar a anualidade vencida, no presente mes de Xunio xiraremos contra os suscritores da provincia de Pontevedra unha letra por valor de 6 pesetas importe de un novo ano de suscripción

Como saben os nosos leitores éste é o único meio de que disponemos para a cobranza das suscripcións e pol-o mesmo rogámos-lles encarecidamente atendan o noso xiro co que nos evitarán uns gastos que non soportaría o sostento da revista

Agradéceo fondamente

**A ADEMINISTRACIÓN**

## Valentes

A Ramón Cabanillas.

Irmáns: O viño quente da poesía  
ferve nas cuncas xa. Imos bebelo,  
que emborrachados de entusiasmo arelo  
vertos facer tolemias na campia.

Borrachos, si, i en sanguínta orxía,  
asaídos leóns, ceibo o cabelo,  
recubrámol-a terra co mantelo  
roxo da rabia de mortal porfía.

À boca a cunca onde rebrila o viño  
e a vingadora fouce ao forte brazo,  
arriscados busquemol-o camiño  
que vai da libertade ao nobre espazo;  
cantando co poeta «Meu carriño»  
e berrando con él «Lume no Pazo».

GONZALO LOPEZ ABENTE

(Do libro D'OUTONO).

### CARTA INTERESANTE

#### Do ilustre escritor portugués Caldevilla

Temos recibido unha carta, moi amabel, do distinto escritor portugués Raul de Caldevilla, na que tenciona acratar cabaleirosamente un conceito para nós magoante, que segúin o dito dalguns xornais il deitara na notabre conferencia que sobre a persoalidade de Curros Enríquez pronunciou na «Casa de España» do Porto.

Dita carta, pol-o que honra a sua alma re-quintada e nobre e pol-o que tamén nos honra a nós, gostosísimos publicámola hoxe, seguros de que os leitores haberán de agradecernolo.

Véxase, pois, xa que ela é unha proba evidente da esquisitez e o talento do noso ilustre amigo o señor Caldevilla. Di asin:

Señor Director de A NOSA TERRA  
Rúa Real, 36-1.<sup>o</sup> Coruña

Meu ilustre Confrade:  
Só hoje veio ás minhas māos o n.<sup>o</sup> de 1 de

Abril da sua interesante revista na qual me presta inmerecidas palavras amaveis a propósito da conversa sobre o admirabel Curros.

Ao agradecer-lhe esses conceitos penhorantes permita-me que me justifique e responda á crítica que se baseiou em aparencias ou antes en transcrições V. não topou na conferencia, que não ouvíu, os erros que me apunta. V. leeu-os no *ra contar* dos xornais esquecendose de que nom tudo que se diz é verdade.

Quem desde creanza se interesa pela literatura galega não cahiria no erro de chamar áquela doce lingua—dialecto.

E como prova basta dijeralhe que eu citei, com destaque, o amor do meu poeta pela sua «fala» à qual ele chama: «... compendio de idiomas» e assin, admitindo mesmo que outras fontes de información não tivesse—o que no terreno da ignorancia sería muito admitir—me bastaría ese calificativo como singular punto de referencia. Eu sei, señor, que o noso rei D. Diniz escreveu em galego as suas ingenuas trovas...

No entanto é possibre que no calor e entusiasmo da *charla* soasse a palavra *dialecto*, em harmonia com os dialectologistas hespanhóis. Mas se tal fiz, *mea culpa*.

De certo e evidentemente não foi uma disertaçāo linguística aquela que tive a honra de proferir na hospitalaria «Casa de España», nem tão pouco ignoro que a nossa lingua evolucionou da lingua galega, que durante quatrocentos anos permaneceu estacionaria para despertar a meio do século XIX no forte impulso do nacionalismo.

Esperando da lealdade de V. a publicación d'esta carta no mesmo local em que fui atacado, creiaue

Seu admor.,

RAUL DE CALDEVILLA

S. C., Porto 3-5-27.

LEA VOSTEDE  
A REVISTA  
MENSUAL

NÓS BOLETIN DA  
CULTURA  
GALEGA

Administración

Real, 36-1.<sup>o</sup>

A Cruña.

## UN ACTO PATRIÓTICO

## No cincocentenario da morte de Añón e Vicetto

A Real Academia Galega relembrou o cincocentenario das mortes de Francisco Añón e de Bieito Vicetto cunha velada necrolóxica que tivo lugar no Circo d'Artesanos da Cruña.

N'ela, falaron os señores Castillo, Villar Ponte, Martínez Morás e Carré Aldao, estudando e loubando a persoalidade dos dous inequescentes precursores do galeguismo.

Léuse tamén un traballo de D. Manuel Amor Meilán sobre do xeito novelístico de Vicetto.

Derradeiramente dixo unhas verbas don Eladio Rodríguez González para dar conta á concurrencia de que a Academia tencinou traguer a Galicia as cinzas de Francisco Añón, sendo isto imposible por mor de que elas perdérónse na fosa común d'un cimetro madrileño.

Nós aderímonos a iste homenaxe patriótica por cuia orgaización merece parabens a «Real Academia Gallega», que d'iste xeito dá mostras d'unha vitalidade que non tivo en épocas pasadas.

## FOLLAS NOVAS

OS CAMIÑOS DA VIDA--1.<sup>a</sup> parte,  
por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Abondaba con Iles decir aos nosos leitores, sempremente que acaba de se publicar unha novela galega de Otero Pedrayo para que eles decontado sentiran o intrés da sua leitura. Porque os nosos leitores téñense decontado da enorme persoalidade literaria de Otero Pedrayo anque non sexa mais que polos traballos que a cotío pubrica en A NOSA TERRA.

Abondaba tamén para falar da obra o decir que é d'il para con elo facer o millor estudo e a mais exaita gabanza do valor da novela. Pero hai que decir algo mais de «Os Camiños da Vida».

Hai que decir que é a millor novela galega publicada hasta agora, que pode cobadearse con calqueira das millores d'outras literaturas e que non terían inconveniente en firmala autores de prestixio mundial nas literaturas portuguesa, catalana e castelán, por non citar mais que as que están mais perto de nós, as que están en relación á maior outura que a nosa.

Ten ista novela todolos motivos necesarios para darlle valor a un libro. Intrés no argumento, galanura e enxebreza na forma, emoción, cultura, como conocementos his-

tóricos, beleza, arte. «Os camiños da Vida» vai dividida en tres partes ou tomos. O primeiro e o que acaba de sair e fai un precioso volume de 150 páxinas. Os tres tomos 450 páxinas o que dá a enxergar que se trata xá de algo grande, acabado e firme cousa nova na nosa literatura onde hasta agora o que tiña feito, salvo contadísimas excepcións, son ensaios.

Otero Pedrayo toma como elementos para escribir a sua formidabre novela anacos da vida galega do século pasado adubando a narración con estudos e ouservaciós encol da vida galega, a verdadeira vida galega, que él conosce e amóstranos de cote nos seus traballos. Así a súa novela ademais do enorme valor literario que tén e a aportación que representa para a nosa renascente literatura tén o mérito de ser unha novela netamente galega que non por eso deixa de ter os matices universás de calquer literatura mundial. Formidabre por todos conceitos é o novo libro que temos de saudar con rebuldeira ledicia pol-o adiante que representa na cultura galega.

E ao saudal-o, temos que enviar ao admirado e querido irmán o noso profundo agradecemento pol-o favor inmenso que veu a facer, con outra obra, ás nosas letras. O mesmo que a Editorial «Nós» que o publi-

cou continuando a sua serie de libros galegos, labor patriótica que nunca pagaremos como se merece.

Recomendamos aos nosos leitores a adquisición do primeiro tomo de «Os Camiños da Vida» pois pensamos esgotarase axiña e rogamos a «Nós» poña á venda rapidamente os outros dous pois quenes leímos o primeiro debecemos por chegar ao final do maravilloso libro do ilustre Otero a quen podemos xa chamar o noso novelista. O novelista galego por antonomasia.

**DE CATRO A CATRO,** por  
MANUEL ANTONIO.

Outro novo libro que, sempre incansable, pubrica a Editorial NÓS. Un feixe de poemas, follas sin data d'un diario d'abordo, do exquisito e mozo poeta galego Manuel Antonio. Versos sin rima de traza moderna, de concepción futurista, avangardista e deitando un doce arume a mar.

## Unha chamada cordial

Vimos ouservando e con fonda amargura que con moita frecuencia pubrícanse artigos xornalísticos que levan a firma de novos escritores galegos, que unhas veces escriben en galego e outras castelán, onde constantemente deitanse adxetivos e formas despeitivos para algúns dos escritores galegos, que escribiron galego sempre, que non están inspirados no molde avangardista que aqueles preconizan. Un xeito arrogante e hasta petulante de decir as cousas despreciando casi todo o feito e lle reconoscendo moi pouco valor.

Os que tal cousa fan teñen ideas que apuntan con frecuencia referentes ao desenrollo da nosa cultura e do noso idioma. Revelan dende logo intrés e cariño por eles cousa que nos intresa e parécenos ben. Pero coidamos nós que esa mesma labor intresante e galeguista poderíana facer igualmente non mentando para nada o que fán e fixeron os demais que si non tan agudos como eles de

Manuel Antonio non é moi conocido na literatura galega agás na xeneración de artistas novos que hoxe traballan por impôrse e por nós que o estimamos fai tempo por ser noso amigo e temos pubricado quizais os seus primeiros versos fai algúns anos.

Navegante e decote debullando no mar xuntou ésta ringleira de poemas que agora NÓS pubrica e que veñen a ser unha nova tonalidade no verdecente campo da nosa literatura. É tamén ao mesmo tempo unha demostración de como os autuás modeladores da nosa cultura galega traballan en todos os campos literarios. Vello, novos e futuristas. En galego hoxe escribese, e escribese ben, de todo o que sirve para afirmar unha vegada mais a seguridade d'un lu nioso porvir.

«De catro a catro» ven cuidadosamente editado e cada poema está ateigado de intrés e fermosura. Compre unha sincera felicitación ao autor e aos editores.

---

mostraron a cotío un fondo amor pol-as letras galegas e a elas adicaron toda a sua labor boa ou mala. Ao fin a eles se lles debe o sostimento latente do desenrollo do idioma e da literatura patrias como aos precursores do pasado século debemos todos a iniciación do noso rexurdimento cultural e político. Cada ún no seu tempo e cada ún dando o que pode. Mais non se pode eisixir. O que a todos nos axunta é o amor pol-o rexurdimento galego e n'esto debémonos considerar todos úns.

No momento actual tan intresante caben todos e cada ún tén o seu papel a representar. E xa que ó fin arelado é o mesmo nós pedimos aos novos mais cordialidade e agarimo para os que eles chaman vello na seguranza de que o beneficio d'esta comunión no traballo pol-o noso rexurdir Galicia será quem se beneficie que é o que a todos débenos intresar por riba de todo.

E despois d'iso, que cada ún aporte á cultura galega todo o que seipa e poida sen pararse a pensar se o que fan e fixeron os

demais é millor ou peor que o que eles fagan. Nos comenzos, e agora estamos como quen di comenzando, todo cabe e todo convén.

O que compre é mais unión e mais afán de traballo que despois cada ún acadara da sua obra o xuicio que axeitadamente lle corresponda.

## PENEIRANDO

N'un xornal de Madri abríuse unha «encuesta» na que se lles fai ista pergunta ás damas: ¿Qué mujer de novela le agrada a Vd. más? E unha d'elas, madrileña, respondeu: «Carmiña, de «La Casa de la Troya» de Pérez Lugín. Le perdono todo, HAS-TA QUE SEA GALLEGA».

Comentando isto un señor no «Orzán», xornaliño localista, que non pasa da Rua Real e os Cantóns da Cruña, dí: «Si nosotros fuésemos ingenuamente nacionalistas, haríamos ahora una erudita disertación en la cual después de barajar el centralismo, Castilla en la guerra de los Hermandinos, se acabaría por demostrar que la dama de la encuesta era un símbolo del centralismo opresor».

Un símbolo, non; mais un síntoma si. Que coma isa dama parva, opinan cáseque todol-as damas e todol-os homes casteláns.

O que non sexa un inxenuo galego, galego somentes pol-a partida de bautismo, sabe d'abondo que a Galiza óllana con desprecio en todal-as terras da Península, agás en Cataluña, a maoria dos que as habitan.

Inda un culto mestre d'escola e xornalista que agora ven de percorrer algo de Castela e Murcia, referianos fai poucos días, cheio d'indinación, o ruín conceuto que teñen de nós alén de Quereño. E non soio o vulgo, senón os que non percisan de que trunfe a campaña pro-escola de Lois Bello, para saberen lér e escribir.

Lér e escribir sabe a furcia da encuesta de que falamos, e emporiso... xa vedes.

Namentres haxa galegos tan «mundanos» com'o comentarista do «Orzán», Galicia non ispirará xenreira cal Cataluña, senón lás-tema e desprecio.

O noso bó amigo Don Armando Cotarelo, coida que da Academia Española de Madri hanos vir a iñorma fixadora da nosa língua.

Nin que a nosa língua fose un preito político ó uso e a Academia Española algo somellante ó ministerio da Gobernación.

A nosa língua é nosa, tan nosa que arrenegan d'ela os galeguíños que arelan seren figurins políticos en Madri, e nós na nosa terra cultivarémola e perfeicionarémola. Para iso creiou Curros a Academia Gallega. Na que tén menos presa por entrar o Sr. Cotarelo, ó parecer, que na Academia Española.

Nin pedimos licencia a Madri para falar e escribir en galego, deica agora, nin lla pediremos no adiante.

A verdade porriba de todo. E que o señor Cotarelo a quien estimamos moito, disimule estas liñas.

Uns estudantes que non deben ser bos estudiantes—xa que en preno Maio preocúpanse de flamenquearen ¡quén os suspenda bon suspenseador será! viñeron á Cruña, con calañes na chola e cicalas sin miolos dentro do cráneo, para orgaizar unha becerrada a favor da Residencia de Santiago.

O da Residencia é tapadeira. Porque despois do fracaso que tiveron o vrán pasado...

O vrán pasado perderon os ollos con outra becerrada. E repiten con todo. Non iñorando que as veladas de arte e cultura son as únicas festas benéficas que dan cartos.

O que proba que eses estudantes sinten verdadeira afición polos cornos.

Pois alá eles e os señores da Residencia que non'os desautorizan.

Que pol-o que respeuta ós cruñeses, ven nos reímos dos escolares flamenquistas.

Ouvimos decir ó paso dos do calañés pol-a rúa Real, a unhos obreiros: ¿E para iso serve a Universidade de Santiago? Eses obreiros repersentan o espírito da Cruña.

## Toda humilde Beleza (1)

Para Antón Zapata García, gran poeta.

### I. – CORREDOIRA.

C'un mantelo de silveiras  
e parolando co-a brisa,  
tod'as mañáns domingueiras  
vai a corredoira a misa.

### II.—FUNCIÓN.

Pra ver a función do abrente  
que xa na outra banda brila,  
van as ondas, ledamente,  
a mercar primeira fila.

### III.—¡GOAL!

Pol-o field do ceo mareiro  
vai esbaratando, o sol,  
i-o hourizonte, mal porteiro,  
non pode parar o «goal».

### IV.—DANZA.

Aquel vello castiñeiro,  
agás da sua cañota,  
ergue os brazos, rexoubeiro:  
ouce do vento o punteiro  
e quere beilar a jota.

### V.—ADREZO.

As vidreiras montesías  
pra tí se abriron, rapaza.  
Dime, ¿en cantas xoyerías  
do mundo achar poderías  
os rubís d'esta carpaza?

**BLANCO AMOR**

(1) Do libro «Romanços Galegos», prousimo a publicarse.

## HUMORISMO GALEGO

## VINGANZA MACABRA

(CONTOS)

O meu amigo Bastián odiaba duas cousas por riba de todal-as d'iste mundo: os percebes i-os automóveles. Dos primeiros vingábase mascando n-iles con rábecha cirropófaga; pra os segundos tiña o mais olímpico dos disprecios. Il trataba de xustificar estas xenreiras dicindo que as salpicaduras d'ambos sacábano de quicio; pro o certo é que a sua inquina era istintiva. O istinto endexamais engana i-o do meu amigo Bastián tiña abranguido un eisito compreto.

Había duas noites que a sua paixón habíase exacerbado i-ante a estupefaución da nosa pandilla deu fin a tres kilos d'aquiles infelices mariscos que, apalambrados ante tan desusado depinicar, nin xiquerá se estreveran a abrir a sua caparazón pra pidir clemencia. A sua voracidade somentes era comparabel á d'unha tanguista. Os percebes tiñan cambeado d'ambente i-agora nadaban en viño dentro d'un recipiente elástico moi parecido ó fol d'unha gaita, que non outra cousa era o estómago do Bastián.

Un tanto calmado o seu apetito vingador saímos á rúa mais jo maldizón!, un taxi carregalo de xente leda suprendeunos n'unha esquina poñendo en grave perigo as nosas vidas. Fuximos coma tolos e vimos ó Bastián conxestionado i-ameazador bambeández ante o automóvele; iste non poido virar i-asoballóuno. Cando chegamos a carón d'il era tan cadavre com'os percebes que había inxerido. O seu istinto acertara.

Eis a causa de que eu fora ó día seguinte acompañándoo deica a sua penúltima morada, pois a derradeira viría tral-a socorrida *monda* do camposanto. O disgusto que a sua tráxica morte me producira era grande; eu son por natureza moi impresionabel i-a catástrofe habíame conmovido fondamente.

Quixen borrar do meu ánimo a escea anguiosa da despedida do cadavre i-o saír do camposanto entrei n'unha taberna veciña. Bebín como se fora eu o que se comera os percebes; o ceo principiou a se nublar; temín a tromenta prousima e sain de tan acolleda casa o mais a presa que poiden.

O que logo pasou non-o sei. Ó cabo d'un bon anaco espertouse un grande estrondo como feito con táboas que se batén; a miña ánima estremeceuse i-ante mén desenrolouse un espectáculo por demais pantástico.

O lameiro que hai por baixo do camposanto habíase enchido d'unha moitedume d'esqueletes que faguían unha algueirada horrosa. Afastados a unha veira unhos poucos barallaban que daba xenio; a todos iles lles faltaba algún oso; eran as vítimas dos asoballamentos dos automóviles. Como estaban mutilados non podian tomar parte na festa que se fa celebrar e d'aquelo nacia a sua indinación. Tratábase nada menos que de presentar en sociedade a un novo esquelete que faguía dous días finaba de se desprender da sua envoltura carnal. Era un sábado branco e todos concurrian cos seus osos o mais limpos posibel. Os invitados cruzaban os seus saúdos familiares e pasenñamente ían ocupando o seu posto na festa.

De pronto a concurrencia calou e unha armoñosa orquesta composta de caliveras, tibias e costelas en forma de arpa, deixou ouvir os graves sons d'unha zarabanda soleine. Por entre as fiadas d'esqueletes avanzaron dous; o neófito i-o seu padriño. Tiña aquí un pouco curvada a sua espiña dorsal á secuencia das moitas reverencias que na vida tivera que facer e moito mais medrado o pé direito que o esquerdo. Colleuno o padriño pol-a mau e presentándoo á asambreia

falou así: «Queridos colegas; o viciño que hoxe viste por vez primeira a noso traxe de sociedades, foi na vida terrenal un dos mellores proveedores de compañeiros en eternidade, esa leve curva dorsal i-esa pequena diferenza no grandor dos seus pés dícenmos as craras que se pasou a vida facendo reverencias e trepando o acelerador do seu flamante taxi. O verse hoxe entre nós débese a un cuádruple asoballamento; o único supervivente tolo de medo botouse a il i-afogouno».

Os mutilados, que se foran achegando pra ouvir o discurso, enrabecharonse ó ver no novo viciño un dos seus nemigos terrestres i-alancando cara il principiaron a lle sacar os osos que a cada un lle faltaban hastra que o antigo chauffeur despareceu por compreto a secuencia do imprevisto reparto.

Os mutilados que lograron compretar a sua osamenta foron o número dos concu-

rrentes á festa i-había que ver os esforzos que fagufán algús pra conseguir que os osos roubados encaixasen cos seus; pro os que non colleran ren de botín, por térense esgotado rápidamente as eisistenzas, deron en berrar e recramar contra d'aquela inxustiza. O lfo foi terribele; os berros enxordaban; víronse tibias ameazadoras e caliveras que voaban arrempxadas por atinados golpes. Un esquelete veu cara míñ arinado d'un oso terríbele e bateume con rabechá. O delor fixome espertar e diante de míñ en troques do medoñento esquelete víñ a un guardia da porra que co pé míñ invitaba garimosamente dicindo:

— ¡Ei, amigo! S'ainda non-a durmeu d'a-bondo lévea à pescadeiría que lle é vixilia.

Pasei a mau polos ollos e fuxín avergonzado da miña debilidá.

BEN-CHO-SHEY.

## Este número foi revisado pola censura

NA REVISTA «NOSOTROS»

### Un notable traballo encol de Vicente Risco

Cheos de ledicia, por ver como son reconocidos no mundo os nosos valores, reproducimos a continuación a nota que coiste encabezó pubricou «Céltiga» a nosa querida revista ilustrada de Bós Ars:

No derradeiro volume d'ista importante publicación, correspondente ós números 225-226, aparece pubricada a notabilísima conferencia pronunciada no local da Federación de Sociedades Galegas o 19 de Nadal derradeiro, con motivo da «Semán Galega», polo profesor i-ensaista paraguaio señor Elio Fariña Núñez encol do tema: «*Vicente Risco, la filosofía Moderna y el Renacimiento Gallego*».

Con profunda emoción, co-a devoción con que se escotan dos labios estranos as loubanzas das cousas ben queridas, temos escoitado a notabre disquisición do distinguido intelectual americano encol do mestre Risco e a sua labour fundamental en pro do renacemento galego, e temos que declarar que, deica o d'hoxe, non conocíamos nada tan exundioso e tan xusto encol do insigne profesor ourensán. Ainda mais: estamos seguros que ningún escritor español—non galego—é capaz de decir encol de Risco nin encol de Galicia, cousas tan interesantes, tan atrevidas e tan novas.

A nosa emoción i-a nosa ledicia, síntese

hoxe aumentada ó ver a magnífica peza imprentada en «*Nosotros*», a publicación de mais outa envergadura intelectual da América española. Non é a primeira vegada que a gran revista arxentina, ocúpase de Galicia e do seu pensamento, o que demostra as suas inquedanzas espirituales e a amplitud de miras con que contempra todal-as manifestacións do espírito contemporáneo.

Non necesitamos expresar á «*Nosotros*»—á quen nos xunge unha verdadeira amistade—o noso profundo recoñecemento, é tácito e por certo sinceirismo. O mesmo ó señor Fariña Núñez, cuio traballo nos revela, cada nova vegada que ó lemos, maiores bellezas.

E para o noso insigne colaborador, para o mestre Risco, cuia modestia coñecemos, os nosos parabens, xa que nada pode ser tan grato como o recoñecimento da laboura a que se consagran os mellores entusiasmos.

Ricoñecimento que vai de Ionxe, envolto nun hálito de cordialidade e de fonda emoción e que vai en compensación das arideces da loita.

## ARTE GALEGA

Estáse xa ensaiando na Cruña a ópera que o inspirado músico cruñés Sr. Rodríguez Losada fixo da formidábel traxedia «O Mariscal» de Cabanillas e Villar Ponte. O estreno verificarase no próximo mes de Setembro segun as nosas referencias vai a ser un verdadeiro acontecemento, pois para elo conqueríuse axuntar cantantes de varios pobos de Galicia que interpretarán as primeiras figuras da obra. O mesmo tamén que pola esmerada atención con que se cuidarán todol-os detalles escénicos, dos que está encarregado o noso irmán Camilo Díaz.

O mesmo autores que intérpretes atópanse grandemente entusiasmados coa empresa que terá dino remate. Nós agardamos con verdadeira ansiedade o estreno de «O Mariscal» que dará un impulso varudo a nosa música e literatura escénica.

*Imp. NÓS. Real 36-1.º A CRUÑA*

## X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO - PROCURADOR  
CANTÓN PEQUENO, 1 - (OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

EFECTOS NAVALES  
de  
FERRER E COMPAÑÍA - SUCESORES  
F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerais para equipo da Mariña militar  
vapores, barcos de vela e pescadores.*

## FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)  
A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.

Grandes Almacenes de Tecidos

## NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERIA E CONFECIONES

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EXTRANXEIROS CONFECIONANSE TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256  
A CRUÑA



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os trés.

As mais indicadas en casos  
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,  
obesidades diversas, doenças do  
aparello dixestivo, anemia  
e neurastenia

Riquisma auga de mesa  
gaseada naturalmente.

**MONDARIZ - BALNEARIO**  
a 35 kilómetros de Vigo

Representante na provincia da Cruña, D. Antonio del Moral,  
Rúa da Amargura, núm. 15 A CRUNA